

**ACTA NÚMERO: 13/2024**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 25 DE ABRIL DE 2024.**

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 25 de abril de 2024 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidenta:** D María Isabel Couselo Torres, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 18 de abril de 2024 (Reunión 12/2024).*
2. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto "Da túa man" (Rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGeneration.EU (Expte.- 2024008463).*
3. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B", correspondente cos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor, como recurso turístico, dos castros de Troña e Altamira, e do servizo de soporte e mantemento da mesma, no marco do PRTR Compoñente 14 – Plan de Sostenibilidade Turística en destino. (Expte.- 2023076136).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliábeis mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor, como recurso turístico, dos castros de Troña e Altamira, e do servizo de soporte e mantemento da mesma, no marco do PRTR Compoñente 14 – Plan de Sostenibilidade Turística en destino. (Expte.- 2023076136).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.



**1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 18 de abril de 2024 (Reunión 12/2024).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 18 de abril de 2024 (Reunión 12/2024).

**2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (Rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGeneration.EU (Expte.- 2024008463).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial 2024002380 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da “Subministración de dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (Rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25/03/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 11/04/2024 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo a única empresa admitidas a seguinte:

- RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: 44076905G)

A Mesa de Contratación na reunión do día 11/04/2024 tamén procedeu á apertura da documentación con criterios avaliábles mediante xuízos de valor, dándolle traslado da mesma ó persoal técnico do Servizo de Promoción de Emprego, para que procederan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O Xefe do servizo de Promoción de emprego, e a Técnica do Servizo de Medio Ambiente María del Carmen Martínez Abraldes, emitiron informe de valoración da documentación técnica presentada polos licitadores con (CSV: L1AQ5BTBULFY105N), sendo as



puntuacións obtidas pola empresa RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: 44076905G) as seguintes:

criterios de valoración mediante xuízo de valor	Puntos RAQUEL GARCÍA
1. Concreción e calidade técnica, ata un máximo de 19 puntos. <u>Este criterio avaliarase de conformidade cos seguintes apartados:</u>	13
1.1 Descrición pormenorizada do subministro, ata un máximo de 4 puntos.	2
1.2 Calidade e espesor do material utilizado, ata un máximo de 4 puntos.	3
1.3 Robustez do conxunto, ata un máximo de 4 puntos.	3
1.4 Deseño da boca de aportación e sistemas anti-hurto, ata un máximo de 4 puntos	3
1.5 Deseño e acabados, ata un máximo de 3 puntos.	2
2. Aspectos ambientais dos dispositivos, ata un máximo de 6 puntos.	0
3. Imaxe e estética global dos dispositivos, ata un máximo de 5 puntos.	4
Puntuación total	17

A Mesa de Contratación na reunión celebrada o día 18/04/2024 acordou aprobar as citadas puntuacións e tamén se procedeu á apertura do sobre "C", correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada pola empresaria RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: 44076905G) ao alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas (15,00 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

Os valores ofertados pola empresa RAQUEL GARCÍA IGLESIAS foron os seguintes:

RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: 44076905G)

1. Prezo unitario ofertado por dispositivo:

Importe sen o IVE:	3.850,00 €
IVE (21 %):	805,14 €
Importe total ofertado:	4.693,14 €

2. Número de garantía a maiores do mínimo esixido (36 meses): 24 meses

Procédese de seguido a efectuar a ponderación de ditos valores de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas, sendo as



puntuacións totais acadadas segundo constan no Informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación co (csv YOT4NPLHWTV6HUNQ) as seguintes:

Puntuación criterios automáticos			
Empresas	Prezo ofertado	Garantía a maiores	Total
RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: 44076905G)	50,00	20,00	70 ,00

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación acadada pola oferta presentada pola empresaria que concorre no procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (Rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGeneration.EU, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESAS	Puntuación Total
1ª	RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: 44076905G)	87,00

2. Propor ó órgano de contratación que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto para a contratación da subministración de dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (Rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGeneration.EU, a empresaria RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: 44076905G polos prezos e valores ofertados e que son os seguintes:

- Prezo unitario ofertado por dispositivo:

Importe sen o IVE: 3.850,00 €

IVE (21 %): 805,14 €

Importe total ofertado: 4.693,14 €

- Número de garantía a maiores do mínimo esixido: 24 meses

3. **Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B”, correspondente cos criterios avaliados mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor, como recurso turístico, dos castros**



**de Troña e Altamira, e do servizo de soporte e mantemento da mesma, no marco do PRTR Compoñente 14 – Plan de Sostenibilidade Turística en destino. (Expte.- 2023076136).**

O secretario da Mesa de Contratación informa que o procedemento aberto para a contratación do “Servizo de implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor, como recurso turístico, dos castros de Troña e Altamira; e do servizo de soporte e mantemento da mesma, no marco do PRTR Compoñente 14 – Plan de Sostenibilidade Turística en destino”, convócase mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 26/02/2024.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na reunión do 21/03/2024, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo os licitadores admitidos os seguintes:

- TOURIST INNOVACIÓN 360, S.L. (B42580233)
- PROYECTOS INMERSIVOS, S.A.U. (A56276678)
- KENDRA REALIDADES ALTERNATIVAS, S.L. (B27859321)
- ILUX VISUAL TECHNOLOGIES, S.L. (B70089131)
- ENCLAVE FORMACIÓN, S.L. (B47507603)
- DEUSENS HYPERXPERIENCE, S.L. (B99418956)

Na mesma sesión, o Secretario da Mesa de Contratación accedeu á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procedeu á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación descargada dos sobres “B” ao persoal técnico do servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra, para que avalíase e ponderase as propostas técnicas segundo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento. O servizo de Turismo Rías Baixas remitiu informe, de data 18/04/2024, co CSV nº X8BZ67HYDW852J4A, no que constan as seguintes puntuacións:

Empresas Licitadoras	1.- Arquitectura de la solución (hasta 3 puntos)	2.- Recursos audiovisuales (hasta 18 puntos)	3.- Diseño gráfico de la solución (hasta 13 puntos)	4.- Seguimiento y gestión del proyecto (hasta 15 puntos)	Total (hasta 49 puntos)
DEUSENS HYPERXPERIENCE, S.L.	0.75	4.5	3	0	<b>8.25</b>
ENCLAVE FORMACIÓN, S.L.	1	13	13	11.25	<b>38.25</b>
ILUX VISUAL TECHNOLOGIES, S.L.	2.75	17.25	10.5	14.75	<b>45.25</b>



KENDRA REALIDADES ALTERNATIVAS, S.L.	0.5	7.75	11.5	10	<b>29.75</b>
PROYECTOS INMERSIVOS, S.A.U.	2.75	12.75	6.5	12	<b>34</b>
TOURIST INNOVACIÓN 360, S.L.	1.25	8	5	5.5	<b>19.75</b>

A Mesa de Contratación, á vista do exposto no devandito informe, propón ó organo de contratación a exclusión do procedemento dos licitadores DEUSEN HYPEREXPERIENCE, S.L. (B99418956) e TOURIST INNOVACIÓN 360, S.L. (B42580233), en ambos casos por non acadar o mínimo do 50% requirido da puntuación máxima asinable no Sobre B; e acorda prestar conformidade ás puntuación acadadas polos demais licitadores na valoración técnica das ofertas presentadas para optar á adxudicación do contrato.

**4. Apertura electrónica dos sobres “C” correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor, como recurso turístico, dos castros de Troña e Altamira, e do servizo de soporte e mantemento da mesma, no marco do PRTR Compoñente 14 – Plan de Sostenibilidade Turística en destino. (Expte.- 2023076136).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes que unha vez aprobada a valoración da documentación contida no sobre “B” correspondente aos xuízos de valor en base ao informe elaborado polo persoal técnico do servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra, procede a continuación á apertura dos sobres C da documentación correspondente aos criterios avaliables mediante fórmulas das ofertas das empresas admitidas que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á desciframento e descarga da documentación presentada nos sobres “C”, sendo os valores ofertados os seguintes:

PROYECTOS INMERSIVOS, S.A.U. (A56276678)



	Implantación	Soporte e mantemento	TOTAL
Prezo ofertado sen IVE	41.195,00 €	4.436,00 €	45.631,00 €
IVE (21%)	8.650,95 €	931,56 €	9.582,51 €
Prezo total ofertado con IVE	49.845,95 €	5.367,56 €	55.213,51 €

**KENDRA REALIDADES ALTERNATIVAS, S.L. (B27859321)**

	Implantación	Soporte e mantemento	TOTAL
Prezo ofertado sen IVE	53.202,08 €	4.644,60 €	57.846,68 €
IVE (21%)	11.172,44 €	975,37 €	12.147,81 €
Prezo total ofertado con IVE	64.374,52 €	5.619,97 €	69.994,49 €

**ILUX VISUAL TECHNOLOGIES, S.L. (B70089131)**

	Implantación	Soporte e mantemento	TOTAL
Prezo ofertado sen IVE	52.200,00 €	3.800,00 €	56.000,00 €
IVE (21%)	10.962,00 €	798,00 €	11.760,00 €
Prezo total ofertado con IVE	63.162,00 €	4.598,00 €	67.760,00 €

**ENCLAVE FORMACIÓN, S.L. (B47507603)**

	Implantación	Soporte e mantemento	TOTAL
Prezo ofertado sen IVE	45.112,37 €	4.857,78 €	49.970,15 €
IVE (21%)	9.473,60 €	1.020,13 €	10.493,73 €
Prezo total ofertado con IVE	54.585,97 €	5.877,92 €	60.463,88 €

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e sete minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

